


# ORQUESTRA DE **CARTÓN**

A silhouette of an orchestra conductor and musicians against a background of horizontal wavy lines. The conductor is in the center, with arms raised, holding a baton. Musicians are seated in front of him, some holding instruments like violins and cellos. The background has a light beige to dark brown gradient with wavy horizontal lines and small pink flower-like specks.

**RUBBER BAND GUITAR**  
**TUTORIAL**

# QUE IMOS A FACER?

Neste vídeo-tutorial aprenderemos a elaborar a nosa propia guitarra dunha forma moi peculiar; empregando materiais de refugallo!



# QUE PRECISAMOS?

A continuación amósase a “lista da compra” cos materiais que deberedes ter a man para realizar a actividade.

- Caixa de cartón pequena
- Elementos de madeira (depresores ou paus)
- Silicona termofusíbel e pegamento de barra
- Pinturas de cores (ou témperas)
- Gomas elásticas resistentes (opcional de cores)
- Regra, tixeiras (ou cúter), palillos redondos
- Lapis, celofán, regra e punzón










# PASO 1



O primeiro que temos que facer é marcar na caixa de cartón a ponte (parte baixa), o caravilleiro (parte alta) e a boca (centro) onde realizaremos o corte.

- É importante deixar espazo suficiente, en función do tamaño da caixa, para poder pegar despois a estrutura que sostén as cordas (caravilleiro e ponte) e que quede firme.
- A abertura da boca para a caixa de resonancia pode marcarse cun compás ou unha base redonda do tamaño axeitado.




# PASO 2



Unha vez marcada a silueta da boca (ou rosetón), empregaremos unhas tixeiras ou cúter para cortar a tapa a modiño.

- Se o precisades, é bo momento para reforzar as esquinas da caixa coa axuda do celofán, para que quede máis resistente.






# PASO 3



O terceiro chanzo é preparar a ponte e o caravilleiro da nosa guitarra.


1. Medimos e marcamos os seis puntos onde encaixarán as cordas (na ponte e no caravilleiro), todos a igual distancia e que cubran a boca da caixa de resonancia.
2. Realizamos os buracos empregando un punzón ou similar. Se non tedes a posibilidade, non vos preocupedes porque podemos unir directamente as cordas facendo un nó ou usando silicona.
3. Recortaremos catro anacos do mesmo material, que servirán para levantar estas dúas partes.



# PASO 4



Tanto na ponte coma no caravilleiro, pegaremos con silicona na súa base as pezas para elevar as cordas. Deben quedar ben resistentes.




No caravilleiro, cortaremos seis palillos que deberán entrar polos buratos e sobresaír o suficiente para atar as cordas na base e poder manipulalos cando afinemos a guitarra.



# PASO 5



O seguinte paso é fixar as cordas da guitarra na ponte. Para iso, pasaremos as gomas (seguindo o código de cores) pola parte superior e as pegaremos con silicona pola parte inferior. Comprobade que a lonxitude e a separación é a mesma en tódalas cordas.




# PASO 6



Neste punto, imos suxeitar o outro extremo de cada unha das gomas da ponte co seu palillo correspondente dentro do caravilleiro. Como facelo? Pois empregaremos de novo a silicona para fixar a goma á parte baixa do palillo.

- A forma correcta de pegar a goma ao palillo é en horizontal, porque desta maneira xirará co seu eixo coma se dunha mangueira se tratara (recolléndose e estirándose), algo a ter en conta para a súa posterior afinación.






# PASO 7



Agora pegaremos as dúas partes (ponte e caravilleiro) no corpo da guitarra. Lembra de empregar abundante silicona nas pezas da súa base para que quede firme.

- Os elementos teñen que quedar o máis centrados posíbel coa boca da guitarra, pero as gomas non deberán ter moita tensión aínda para poder manipulalas facilmente. Dedicaremos outro tutorial específico para a parte da afinación (tensión-distensión).



# PASO 8



Unha vez fixadas a ponte e o caravilleiro, comprobaremos que o funcionamento dos palillos é o correcto e podemos variar a tensión de cada unha das cordas. Finalmente podedes engadirlle o código de cores que empregaremos para identificar as notas de cada corda.

